






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



UNIÓN EUROPEA

**FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO
REGIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

ÍNDICE

1.	CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO.....	1
1.1.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO	1
1.2.	CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO	2
1.3.	DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO	3
1.4.	BASES CARTOGRÁFICAS.....	4
2.	ANTECEDENTES HISTÓRICOS	5
3.	DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO.....	6
3.1.	DESCRICIÓN DA PROPOSTA	6
3.2.	XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO	7
4.	ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO	9
5.	DESCRICIÓN DO ÁMBITO	12
6.	ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO	14
7.	ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2012)	16
8.	ANEXO PLANOS	26



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL



**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO
REGIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

1. CRITERIOS PARA A IDENTIFICACIÓN DO TRAZADO E TERRITORIO HISTÓRICO

1.1. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TRAZADO

Boa parte do itinerario coñecido como Camiño Inglés é coincidente cos Camiños Reais que comunican as cidades de A Coruña e Ferrol coa de Santiago de Compostela. A metodoloxía executada no proxecto de delimitación que conduce a este expediente ten en conta este feito, sendo a existencia de vestixios funcionais do Camiño Real o principal criterio para a delimitación do trazado.

Os criterios específicos de delimitación da traza principal Camiño Inglés son:

- Recuperación das trazas conservadas do Camiño Real alí onde exista.
- Para dar continuidade ao camiño tradicional nos lugares onde este teña desaparecido buscouse unha traza funcional, capaz de asegurar o tránsito, que discorra por camiños públicos, que siga a mesma lóxica territorial dos camiños tradicionais e que, ademais, posúa os seguintes valores:
 - Valores patrimoniais de todo tipo.
 - Valores medioambientais, en estreita relación coa paisaxe cultural, pero que contemple tamén aspectos fisiográficos e de relevo.
 - Seguridade para o tránsito de peregrinos, nas súas diferentes modalidades.

Ademais da traza principal, a delimitación abarca trazados de vestixios históricos e trazados complementarios:

- Os trazados de vestixios históricos están compostos pola traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.
- Os trazados complementarios son aqueles que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

TRAZADO DO CAMIÑO



Comprende a delimitación realizada en virtude das consideracións anteiores. Será o Camiño Delimitado e polo tanto o que establece a Lei 3/1996. O seu percorrido será continuo dende os Concellos de Ferrol e A Coruña ata Santiago de Compostela.

TRAZADO DE VESTIXIOS HISTÓRICOS



Traza do Camiño Real desaparecida pero da que hai constancia documental, ou ben traza conservada pero non transitable ou non funcional.

TRAZADO COMPLEMENTARIO




Trazados que, na mesma liña de tránsito da peregrinación, permiten o acceso a lugares significativos ou salvan pasos con difícil continuidade para o camiñante.

1.2. CRITERIOS PARA A DELIMITACIÓN DO TERRITORIO HISTÓRICO

En xeral, a delimitación ten como referencia unha banda mínima a cada lado do camiño duns 100 metros, engloba as áreas de protección dos elementos patrimoniais próximos ao camiño e os núcleos de poboación polos que pasa o camiño ou que se atopan na súa contorna inmediata.

Diferéncianse tres ámbitos que argumentan a delimitación:

– Áreas rurais nas que se conserva a paisaxe cultural tradicional.



Imaxe da delimitación no Concello de Abegondo.

– Áreas rurais nas que a paisaxe cultural tradicional foi substituída por paisaxes de enxeñaría agraria. Atendendo a criterios de visibilidade e de elementos culturais e naturais próximo, inclúense as parcelas catastrais.



Imaxe da delimitación no Concello de Oroso.

- Áreas urbanas nas que o crecemento urbanístico borrou a paisaxe tradicional. En xeral, conforman o territorio as parcelas e espazos comúns públicos lindeiros co camiño.





Imaxe da delimitación no Concello de A Coruña.

1.3. DELIMITACIÓN GRÁFICA DO TRAZADO

A delimitación gráfica do trazado levouse a cabo tal e como se establece na Lei 3/1996. Segundo o establecido por esta, nos artigos 6 e 16, a delimitación do Camiño estará constituída pola plataforma por onde discorre, tendo que delimitarse unha zona lateral de protección do Camiño de tres metros a partir das arestas desta e unha zona de protección do contorno de trinta metros a partir da mesma aresta.

Naqueles casos nos que haxa que recuperar tramos do Camiño, e segundo o artigo 1, a anchura virá constituída por unha franxa de, polo menos, tres metros. Cando o Camiño discorra por pontes formará parte deste o terreo ocupado polos soportes da estrutura.



Imaxe da delimitación gráfica do trazado nos Concellos de Santiago de Compostela e Paderne.

1.4. BASES CARTOGRÁFICAS

As bases cartográficas constitúen un elemento imprescindible para a plasmación gráfica da delimitación que se pretende levar a cabo. Seguindo un criterio de homoxeneización da cartografía a empregar para todo o territorio obxecto de estudo empréganse dúas fontes de información: a cartografía 1/5.000 da Xunta e as extraccións a data de xuño de 2012 das bases catastrais dos Concellos obxecto de estudo.

Con estas bases cartográficas melloradas a escala de traballo empregada para a delimitación foi 1/2.000, se ben a escala xeral de representación empregada é 1/10.000.

De cara a identificar os trazados de carácter histórico empregouse a ortofoto correspondente ao voo e catastro do ano 1956 así como, entre outros, cartografía variada do século XVIII, o mapa eclesiástico de 1825, a Carta Xeométrica de Galicia de Domingo Fontán de 1845, o mapa do exército da provincia da Coruña de 1884 así como o itinerario militar do mesmo ano ou a serie cartográfica MTN 50.000 dos anos 1929 a 1949 do Instituto Xeográfico Nacional.

Para os traballos de delimitación empregáronse ademais as ortofotos máis recentes dispoñibles do ámbito obxecto de estudo. Para iso se ha contado co voo do PNOA correspondente ao ano 2008.

2. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

A antiga poboación de O “Burgo del Faro” xurdiu entre os séculos X e XII como consecuencia do necesario desprazamento cara ao interior da poboación do “Puerto del Faro” (Crunia, Coruña), por motivos de seguridade. O “Burgo del Faro” achegaba maior estabilidade ante os invasores normandos pola súa situación máis resgardada, polo que pronto comezou a facer a competencia a Padrón como receptor do tráfico marítimo procedente de Francia e Inglaterra. Así foi ata que o rei Fernando II decidiu restituír o antigo “Puerto del Faro” á súa anterior localización.

Estes desprazamentos poboacionais aseguran a existencia dun camiño que unía ambos os dous núcleos. Como detalla Carlos Nárdiz en “El territorio y los caminos en Galicia”, este camiño tivo continuidade a Betanzos a través da ponte do Burgo. A poboación de Burgo aparece na cartografía histórica, como é o caso do mapa de “Gallaecia Regnum” de 1611.

O enclave da antiga poboación de “El Burgo del Faro” atesoura varios elementos patrimoniais de destacada importancia: as igrexas románicas de Santiago e de Santa María do Temple, situadas en ambas as dúas marxes da ría, e a ponte. O primeiro templo está consagrado ao Apóstolo, mentres que o segundo fai referencia á Orde dos Templarios, protectores do Camiño. Ambos os dous templos foron construídos no século XII. A ponte puido ter a súa orixe nesa mesma época, aínda que a única certeza é que foi restaurado no século XV por orde de Fernán Pérez de Andrade.

Existe documentación, como a citada por Vázquez Lacarra, que detalla o itinerario seguido polos peregrinos que se dirixen dende o porto da Coruña cara a Compostela. O autor cita un testemuño do século XVI que di que os peregrinos saían dende A Coruña ao Portádego, continuando talvez a Vilaboa (Rutis), Alvedro e Sigrás.

Algúns estudos (“Peregrinaciones Jacobeas” de Luciano Huidobro e Serna) propoñen dúas variantes á saída da Coruña. Unha que se dirixe cara ao enclave onde se encontra a orixe do Burgo e outra que se dirixe cara a Vilaboa. A preponderancia dunha sobre a outra puido estar influída pola maior ou menor importancia do antigo núcleo de “El Burgo del Faro”, nas diferentes épocas.

3. DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DO TRAZADO

3.1. DESCRICIÓN DA PROPOSTA

Dende o municipio da Coruña, o trazado xacobeo inténase no municipio de Culleredo a través da estrada N-550, que discorre como travesía baixo o nome de avenida M. González Garcés. Por este vial alternanse modernas urbanizacións residenciais de varias alturas con construcións tradicionais que non superan as dúas plantas. Sempre con beirarrúas a ambos os dous lados e tras pasar fronte ás casas con soportais, o peregrino xira para tomar a rúa Alcalde Electo Carballo.

O tramo inicial desta rúa carece de beirarrúas mentres se suceden varios exemplos de construción tradicional. Tras o primeiro xiro, a rúa cambia de aspecto para dispoñer de máis anchura e mostrar todos os trazos dun vial moderno. No lateral dereito levántanse edificios residenciais de varias alturas construídos nos anos 90 e primeira década do 2000. Con beirarrúa por ese mesmo lateral dereito, a ruta avanza en suave descenso mentres se poden apreciar vistas da ría e da ribeira oposta desta.

Nun pequeno espazo verde situado entre dous bloques de pisos, xorde a fonte de Fonteculler, construída en granito. O trazado prosegue pola rúa Alcalde Electo Carballo cuxo descenso culmina nunha rotonda onde converxe esta rúa coa avenida de Fonteculler e a avenida de Acea de Amá.

Tomando o vial polo que se accede á avenida Juan Carlos I, se pasa sobre a liña do ferrocarril A Coruña - Palencia e se xira á dereita para situarse en paralelo a esta. En suave e constante descenso, a devandita avenida sitúase ao mesmo nivel que o Paseo Marítimo e a ruta xacobeá pasa a discorrer por el, xunto a amplas zonas axardinadas. Dende este lugar ata a chegada á ponte do Burgo, o trazado apoíase no Paseo Marítimo da ría. Finalizado este paseo, a ruta xira cara ao oeste para tomar a Avenida da Coruña.

RAMAL DENDE A PONTE DO BURGO

A ponte medieval do Burgo une a beira este, na que se empraza a igrexa románica de Santa María do Temple, coa beira oeste, onde se situaba a antiga poboación do Burgo do Faro. Crúzase a devandita ponte de acceso peonil e pavimento empedrado en dirección a O Burgo para chegar a unha pequena praza en cuxo centro se ergue un cruceiro. Próximo a el áchase unha fonte instalada nunha escultura pétreá que reproduce unha gran cabaza que verte auga potable nunha cuncha. Sobre a cabaza apóiase un gran báculo metálico de peregrino.

O trazado diríxese á igrexa románica de Santiago do Burgo pola Avenida da Coruña, unificándose co trazado procedente da Coruña polo Paseo Marítimo da ría do Burgo.

TRAZADO UNIFICADO

O templo érguese en paralelo á devandita avenida sendo a ábsida románica o primeiro que ve o peregrino. Deixando atrás a igrexa, o trazado cruza sobre a vía do ferrocarril A Coruña-Palencia e pouco despois continúa pola rúa Alexandre Bóveda. Xa en plena zona urbana do Burgo, a ruta xira cara ao sur pola Avenida de Galicia. O paso baixo a autoestrada do Atlántico AP-9 marca a saída do núcleo de poboación aínda que a estrada mantén as beirarrúas en ambos os dous lados.

Posteriormente o trazado desvíase pola rúa Pelamios que ascende con decisión entre parcelas pechadas e vivendas unifamiliares. Esta rúa presenta características de estrada e avanza en continuo ascenso. O peregrino continúa pola rúa San Xiao e tras unha forte suba chega á igrexa parroquial de San Xián de Almeiras. Xunto ao templo áchase a praza de San Xiao e continuando cara ao sur proséguese pola rúa da Choeira. Nesta rúa sitúanse diversas vivendas unifamiliares que pertencen ao núcleo de Almeiras.

Tras un tramo no que non hai vivendas mais si terreos con usos agrícolas, a ruta continúa pola rúa das Catas chegando á zona deportiva onde se levanta o polideportivo municipal de Almeiras e o campo de fútbol. Este último marca o inicio do descenso cara ao núcleo de Alvedro. A estrada pasa entre soberbios muros de pedra e xira para subir pola rúa do Arcebispo Xelmírez. Este vial abandona o núcleo de poboación converténdose nunha estreita estrada que continúa en ascenso ata chegar ás proximidades dun outeiro onde se situou un castro.

O outeiro cuberto por un piñeiral déixase a man esquerda mentres no lado dereito os terreos despexados permiten ver a edificación dispersa da parroquia de Sigrás no termo municipal de Cambre. A estrada comeza cunha forte baixada que conclúe nas rúas do parque empresarial de Alvedro. Xa neste polígono, ponse rumbo cara á estrada N-550. O trazado continúa en paralelo a esta estrada, utilizando un dos viais do polígono de Alvedro que baixa cara ao cavorco do río Valiñas. O peregrino abandona esta estrada para dirixirse, a través dun sendeiro, á ponte de Alvedro ou de Xira pola que se accede ao municipio de Cambre.

3.2. XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DO CAMIÑO



Superposición do trazado de 1997 e trazados do Camiño, complementario e trazado con vestixios históricos Culleredo. Elaboración propia

TRAZADO DO CAMIÑO



TRAZADO CON VESTIXIOS HISTÓRICOS



TRAZADO COMPLEMENTARIO



TRAZADO 1997



O trazado do Camiño que atravesa o Concello de Culleredo presenta unha importante variación respecto ao camiño definido en 1997. Este último definía o Camiño tradicional procedente da Coruña que se internaba en Culleredo a través de O Portádegro e pasando por Vilaboa continuaba por Alvedro despois de rodear a cabeceira do aeroporto.

O Camiño delimitado formula a alternativa, practicamente en uso hoxe en día en toda a súa lonxitude, de chegar dende O Portádegro ata Alvedro pasando pola Igrexa de Santiago de O Burgo e manter as cautelas de trazado con vestixios históricos ao definido en 1997 eliminando o paso pola cabeceira do Alvedro e matendo o que foi o paso tradicional do Camiño.

TRAMO O PORTAZGO-CAMBRE



Mantense practicamente todo o trazado do Camiño definido no ano 1997 como trazado de vestixios históricos a excepción do paso pola cabeceira do aeroporto de Alvedro, onde se formula a continuidade da traza tradicional sobre as súas pistas como traza cautelada.

Así, quedaría como trazado do Camiño o que dende O Portázgo pasa pola Igrexa de O Burgo, para despois de pasar por Almeiras e Alvedro, continúa rodeando o polígono industrial de Alvedro e inténase en Cambre pola ponte de Alvedro ou de Xira.

4. ESTADO DE CONSERVACIÓN DO CAMIÑO

O trazado delimitado ao seu paso polo municipio de Culleredo presenta dous partes ben diferenciadas: a primeira é unha ruta urbana que se desenvolve polo conxunto das rúas froito da expansión urbanística das últimas décadas. A partir do paso pola Igrexa de Santiago do Burgo e tras abandonar definitivamente a poboación do Burgo, iníciase un tramo de carácter rural, que discorre por pistas asfaltadas.

O primeiro tramo mencionado apóiase en rúas que dispoñen case na totalidade da súa lonxitude de beirarrúas e de pasos para peóns, algúns dos cales están regulados por semáforos. Tamén discorre este tramo polo paseo marítimo da ría do Burgo, que ofrece as condicións perfectas para o peregrino, tanto a pé como en bicicleta, xa que este paseo conta con carril-bici.

Unha vez abandónase a poboación do Burgo, comeza a segunda parte arriba mencionada que discorre por pistas e pequenas estradas. A gran maioría destes viarios atópase en bo estado de conservación.

Para todos os tramos do Camiño recoñecidos no traballo se fai unha análise dos seus parámetros técnicos que os definen fisicamente. Deste estudo preséntase neste documento a información que resume o estado de conservación actual destes trazados, mediante o Índice de Calidade Percibida e o estado de conservación do pavimento. En ambos os dous casos defínese unha situación denominada “Recuperable/Cautela” para identificar aqueles tramos que na actualidade non poden ser transitados de forma cómoda pero que poden chegar a selo con intervencións lixeiras, e tamén aqueles tramos que debido a diversos motivos son dificilmente recuperables a curto prazo e quedan como cautela arqueolóxica.

ÍNDICE DE CALIDADE PERCIBIDA DO CAMIÑO (ICC)



	Calidade do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Moi mala	3.4	49.6%	2.4%
	Mala	1.5	22.3%	1.1%
	Media	1.0	14.3%	0.7%
	Boa	0.3	5.0%	0.2%
	Moi boa	0.6	8.8%	0.4%
	Excelente	0.0	0.0%	0.0%
	Total xeral	6.8	100.0%	4.8%

Indicador creado para representar de forma sintética a conservación e calidade global de cada treito de camiño, combinando o estado de pavimento, a adecuación do entorno, a paisaxe percibida, a visibilidade e o tipo de plataforma.

CONSERVACIÓN DO CAMIÑO



	Conservación do Camiño	Lonxitude [Km]	Lonxitude [% municipal]	Lonxitude [% Camiño]
	Boa	5.5	81.7%	3.9%
	Regular	1.2	18.0%	0.9%
	Mala	0.0	0.3%	0.0%
	Total xeral	6.8	100.0%	4.8%

Estado de conservación do pavimento e plataforma do Camiño de Santiago.

5. DESCRICIÓN DO ÁMBITO

O ámbito de delimitación percorre o concello de Culleredo na súa zona noroeste, cruzándoo en diagonal cunha anchura moi variable, pero de xeito singular xa que o ámbito, nada máis entrar no concello, bifúrcase en dous: por un lado o ámbito do trazado delimitado do Camiño, e por outro lado o ámbito de O Portádego a Alvedro, o antigo camiño tradicional. Ambos os dous ámbitos conforman unha figura pechada de forma semicadrada: o ámbito principal ocuparía o lado norte, xunto á Ría de Burgo e o lado este, xunto ao aeroporto, mentres que o secundario ocuparía os lados oeste e sur, atravesando o aeroporto. Convértense nun único ámbito tanto na entrada ao concello ao noroeste, coma na súa saída ao sueste. Descríbense por un lado en primeiro lugar os límites do ámbito principal (norte e sur), e posteriormente os dos límites do ámbito do Camiño con vestixios históricos (oeste e este).

As parroquias que atravesa o ámbito son: Rutis (Santa María), O Burgo (Santiago), Almeiras (San Xíán) e Culleredo (Santo Esteve) (Santiago), incluíndo os núcleos ou lugares de O Portádego, Acea de Ama, O Burgo e Carcabelos no ámbito principal, e A Corveira, Cordeda, Vilaboa e Alvedro no outro ámbito.

O límite norte do ámbito do trazado delimitado entra no concello pola parroquia de Rutis, en dirección sueste e paralelo á N-550. Inmediatamente xira cara ao leste por diante dos bloques residenciais existentes na Praza de Castelao e québrase cara ao sur pola avenida de Fonteculler, discorrendo pola súa marxe oeste ata cruzar cara á liña de ferrocarril antes da avenida Juan Carlos I. É aí onde o límite retrocede cara ao noroeste para alcanzar a Ría do Burgo e situarse coincidente coa rúa Paseo Marítimo na mesma liña de costa. Continúa xunto á ría para enlazar co Paseo da Ría do Burgo, bordeando as zonas verdes e acompañando ao Camiño, ata chegar á Avenida da Coruña, no núcleo de O Burgo, onde se salgue do límite do concello cara ao leste para cruzar o río Valiñas Mero e rodear a Ponte romana do Burgo. Unha vez rodeado regresa de novo ao concello entrando cara ao interior pola rúa da Outeiro cara ao noroeste, rúa de San Manuel, rúa de Santo Antón e Praza de Xaime Quintana. Cruza entón a autoestrada do Atlántico e percorre cara ao leste a rúa Marisqueira para rodear a parcela da nave existente cara ao sur. Agora o límite cambia a parroquia de Almeiras, e bordea parcelas edificadas pola rúa Eladio de la Iglesia Doldán, e de xeito quebrado percorre os interiores das parcelas edificadas acompañando o Camiño, atravesando do mesmo modo a rúa Silva, rúa María Mariño e rúa San Xiao. Neste punto alcanza a Igrexa de San Xíán de Almeiras para continuar cara ao sur en sentido da rúa das Calas ata a rúa Penedas. Aquí fai un xiro de 90º e discorre pola rúa dous Pereiros, xirando arredor das pistas deportivas pola rúa Marqueses de Almeiras. Alcanza entón o Castro de Alvedro e volve dirixirse cara ao sueste cara ao polígono industrial de Alvedro o cal bordea polo seu límite oeste, ata as parcelas industriais máis inmediatas ao Camiño, as cales percorre de xeito quebrado acompañando ao Camiño, ata abandonar neste punto o concello.

O límite sur entra no concello de Culleredo pola parroquia de Rutis, en O Portádego, en dirección sueste e paralelo á N-550. Cruza a avenida de Vilaboa a través dunha zona residencial para tomar a rúa Irmáns López Ferrín en dirección este e xirar ao sur pola rúa de María Cagiao e Condes de Andrade. Dende aquí cruza cara ao leste polas instalacións da Universidade ata a avenida de Rutis. De novo diríxese cara ao norte para retroceder cara ao oeste á rúa Salvador Allende e polo sur dos bloques residenciais da avenida Acea da Ma, para facer un xiro de 180º e regresar cara ao leste por esta mesma avenida para enlazar coa rúa Ramón Cabanillas. É aquí onde pasa á parroquia de O Burgo e antes de seguir pola rúa do Ferrocarril cruza a vía do tren cara ao norte. Toma a rúa de Anxo Senra Fernández para bordear a zona comercial cara ao sur. Unha vez rodeadas unhas vivendas na rúa de Mosteiro de Carracedo volve cruzar as vías do tren e retrocede cara ao oeste ata a rúa do Ferrocarril para baixar ata a Avenida da Coruña cara ao sur. Rodeando as parcelas que están en primeira liña do Camiño cónguese ao límite oeste da Costa da Lonxa pasando por enriba da autoestrada do Atlántico ata seguir o límite da parcela onde se sitúa a estación de servizo e a autoestrada. Comeza agora a atravesar unha zona de parcelas residenciais dispersas no núcleo de Carcabelos, parroquia de Almeiras. Continúa nesta zona en dirección sueste, acompañando o percorrido do Camiño, pasa pola rúa de Rafael Dieste, e continúa paralelo á rúa das Catas por medio das parcelas de labor

e vivendas dispersas. Alcanzado o núcleo de Alvedro o límite atópase co ámbito do Camiño con vestixios históricos e toma dirección sur pola zona industrial ao oeste da estrada A Coruña-Tui / Avenida de Alvedro. A partir de aquí descende polas traseiras das parcelas situadas na avenida de Alvedro, xa na parroquia de Culleredo, para xunto ao Ponte de Sigrás, abandonar o concello.

O límite oeste do ámbito do Camiño con vestixios históricos iníciase en A Corveira, parroquia de Rutis, levando dirección cara ao sur polas rúas Castela e Antón Villar Ponte cruzando polo interior das parcelas situadas ao oeste da avenida Vilaboa. Neste punto alcanza a rúa Gómez Pérez das Mariñas, bordeando os edificios residenciais que nela se sitúan, para continuar cara ao sur pola rúa do Xordo xunto á igrexa nova de Vilaboa. Cruza a continuación cara ao sur a rúa do Conduzo, rúa de Xafontes, a autoestrada do Atlántico, rúa de Regueiro, e pola rúa Wenceslao Leopoldo Blanco Vila, e xa na parroquia de Almeiras, xira ao oeste pola rúa do Río da Cova e enlaza coa rúa do Río Tabe ata rúa Federico García Lorca. Neste punto atravesa as edificacións residenciais da rúa Estreita e avenida de Hermida, para continuar case en paralelo á avenida de Niceto Alcalá-Zamora (N-550), xa en dirección este, por parcelas forestais e de campos. A continuación o límite discorre paralelo ao Camiño no seu cruzamento polo aeroporto de A Coruña, ata o núcleo de Alvedro, onde se une co ámbito do Camiño delimitado.

O límite leste iníciase en Cordeda, pola traseira de construcións situadas na avenida de Vilaboa, a a que acompaña en paralelo en dirección sur. Discorre pola rúa de Aljandro Pérez Lugin, rúa Alcalde Domingo Serra e rúa da Calzada para cruzar a autoestrada do Atlántico cara ao núcleo de Vilaboa. Nesta zona discorre entre vivendas e pola rúa de Souto para pasar á parroquia de Almeiras onde se aproxima máis ao Camiño. Tras atravesar o río Trabe cambia a súa dirección cara ao leste seguindo a avenida de Niceto Alcalá-Zamora para cruzala á altura da rúa de Canabal cara ao aeroporto, que atravesa acompañando ao Camiño para, no núcleo de Alvedro, unirse co ámbito do Camiño delimitado.

6. ELEMENTOS PATRIMONIAIS VINCULADOS AO CAMIÑO DE SANTIAGO

ELEMENTOS PATRIMONIAIS DENTRO DO ÁMBITO

NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Ponte de Alvedro ou da Xira	Culleredo	Culleredo (Santo Estevo)	Arquitectura civil	551.484	4.793.715
Casa en Alvedro (II)	Rúa Pedruco, nº 6	Almeiras (San Xián)	Arquitectura civil	551.128	4.794.854
Casa en Alvedro (III)	Rúa Cata, nº 34	Almeiras (San Xián)	Arquitectura civil	551.218	4.794.881
Casa A Chueira	Rúa A Choeira, nº 27	Almeiras (San Xián)	Arquitectura civil	551.411	4.795.245
Cruceiro de Almeiras	A Choeira	Almeiras (San Xián)	Elementos etnográficos	551.461	4.795.430
Igrexa de San Xián de Almeiras	A Choeira	Almeiras (San Xián)	Arquitectura relixiosa	551.490	4.795.423
Escultura do Cabaleiro de Almeiras	Rúa Bo Home	Almeiras (San Xián)	Varios	551.431	4.795.404
Villa Toñita	Avenida de Galicia, nº 2 - esquina San Antón	O Burgo (Santiago)	Arquitectura civil	551.671	4.796.155
Igrexa de Santiago do Burgo	O Burgo	O Burgo (Santiago)	Arquitectura relixiosa	551.830	4.796.325
Ponte do ferrocarril do Burgo	O Burgo	O Burgo (Santiago)	Arquitectura civil	551.755	4.796.323
Ponte do Burgo	O Burgo	O Burgo (Santiago)	Arquitectura civil	552.041	4.796.288
Ponte nova do Burgo	O Burgo	O Burgo (Santiago)	Arquitectura civil	551.968	4.796.279
Cruceiro do Burgo	O Burgo	O Burgo (Santiago)	Elementos etnográficos	551.960	4.796.271
Fonte do Burgo	O Burgo	O Burgo (Santiago)	Elementos etnográficos	551.952	4.796.268
Fábrica La Cross	Rúa das Artes	O Burgo (Santiago)	Arquitectura industrial	551.725	4.796.493
Casa da Xuventude	Rúa Alfonso VII, nº 1	O Burgo (Santiago)	Arquitectura civil	551.597	4.796.354
Casa O Andén	Rúa Ramón Cabanillas	O Burgo (Santiago)	Arquitectura civil	551.343	4.796.510
Centro Sara Vázquez	Rúa Ramón Cabanillas, nº 12	O Burgo (Santiago)	Arquitectura civil	551.261	4.796.540
Muíños de Acea de Ama	Avenida Acea de Ama, s/n	O Burgo (Santiago)	Elementos etnográficos	551.100	4.796.612
Casa en Acea de Ama (II)	Avenida Acea de Ama, nº 34	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	550.570	4.796.872
Villa Lucinda	Fonteculler	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	550.518	4.796.876
Pazo Villa Celina	Vilaboa	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	550.264	4.795.758
Capela de Villa Celina	Vilaboa	Rutis (Santa María)	Arquitectura relixiosa	550.285	4.795.785
Fonte do Pazo de Vilaboa	Vilaboa	Rutis (Santa María)	Elementos etnográficos	550.328	4.795.741
Cruceiro do Pazo de Vilaboa (I)	Vilaboa	Rutis (Santa María)	Elementos etnográficos	550.319	4.795.753
Ponte de Vilaboa	Vilaboa	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	550.154	4.795.362
Lavadoiro na Ponte de Vilaboa	Vilaboa	Rutis (Santa María)	Elementos etnográficos	550.129	4.795.359
Villa Melania ou Pazo de Correa	Avenida Vilaboa, nº 42	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	550.234	4.795.855
Igrexa nova de Vilaboa	Vilaboa	Rutis (Santa María)	Arquitectura relixiosa	550.020	4.796.434
Cruceiro novo de Vilaboa	Vilaboa	Rutis (Santa María)	Elementos etnográficos	550.056	4.796.449
Casa en Vilaboa	Vilaboa, nº 153	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	550.099	4.796.280
Casas acaroadas en Vilaboa	Vilaboa	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	550.190	4.795.719
Fonte e lavadoiro de Ferrín	Cordeda	Rutis (Santa María)	Elementos etnográficos	550.214	4.797.058
Escultura do peregrino	Urbanización da Corveira	Rutis (Santa María)	Varios	550.168	4.796.976

NOME	LUGAR	PARROQUIA	TIPOLOXÍA	UTM_X	UTM_Y
Casa na Corveira (I)	A Corveira, nº 59	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	550.046	4.796.810
Casa na Corveira (II)	A Corveira, nº 203	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	550.040	4.796.703
Casas acaroadas na Corveira	A Corveira	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	550.041	4.796.718
Fonte de Fonteculler	Rúa Alcalde Electo Carballo	Rutis (Santa María)	Elementos etnográficos	550.268	4.797.062
Casas asoportaladas no Portádego	Portádego, nº 15	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	549.966	4.797.340
Casa con galería no Portádego	Portádego, nº 50	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	549.925	4.797.407
Casa no Portádego (I)	Portádego, nº 52 (antigos 39 e 41)	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	549.839	4.797.531
Casas acaroadas no Portádego	Portádego, nº 35 e 37	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	549.850	4.797.552
Pazo da Peregrina	Portádego	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	549.777	4.797.589
Casa no Portádego (II)	Portádego, nº 29	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	549.738	4.797.607
Casa en Alvedro	Alvedro	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	550.879	4.794.850
Casa As Lelitas	Estrada N-550 con rúa Cata	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	551.045	4.794.750
Casa no Portádego (III)	Portádego, nº 44	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	549.877	4.797.493
Casa no Portádego (IV)	Portádego, nº 16	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	549.885	4.797.482
Casa no Portádego (V)	Portádego, nº 26	Rutis (Santa María)	Arquitectura civil	549.899	4.797.467
Castro de Alvedro.	Alvedro.	Almeiras (S. Xián).	Castro/Asentamento fortificado.	551.245	4.794.662

7. ANEXO FOTOGRÁFICO (2010-2012)



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



011



012



013



014



015



016



017



018



019



020



021



022



023



024



025



026



027



028



029



030



031



032



033



034



035



036




037



038



039




040



041



042



043



044



045



046



047



048



049



050



051



052



053



054



055



056



057



058



059



060



061



062



063



064



065



066



067



068



069



070



071



072



073



074



075



076



077



078



079



080



081



082



083



084



085



086



087



088



089



090



091



092



093



094



095



096



097



098



099



100



101



102



103



104



105



106

RAMAL DENDE A PONTE DO BURGO



001



002



003



004



005



006



007



008



009



010



8. ANEXO PLANOS